



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es

WEB: www.boqueixon.com

CONTRATACIÓN DE 1 OPERARIO DE LIMPEZA

BASE PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Ten o obxecto de cubrir, como persoal laboral temporal, unha praza de operario/a de limpeza, polo período que dure a baixa por enfermidade común da traballadora Hortensia Iglesias Tato. O/A operario/a contratado/a cubrirá o servizo de limpeza da citada traballadora.

BASE SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO, MODALIDADE CONTRATUAL, E RETRIBUCIÓN

-A duración do contrato será polo tempo que se manteña a baixa por enfermidade común da traballadora. A xornada laboral é a tempo completo e axustada ás necesidades do servizo.

-A modalidade contractual será a dun contrato temporal baixo a modalidade de obra ou servizo a tempo completo

-A retribución: Salario Base: 521,02 euros/mensuais. Complemento de convenio: 260,05 euros /mensuais.

TERCEIRA.- REQUISITOS

Para a admisión dos aspirantes será necesario cumprir os seguintes requisitos xerais:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Titulación mínima: estar en posesión do título do certificado de escolaridade ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarase, no seu día, certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación. (Requírese copia compulsada dos títulos)
- d) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- f) Habilitación: non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro

Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público.

(Achégase declaración xurada a cubrir polo aspirante que deberá presentar no momento de solicitude de participación no proceso selectivo).

g) Estar desempleado e inscrito na Oficina Pública de Emprego (copia compulsada da tarxeta de desemprego da Oficina Pública de Emprego)

Toda a documentación presentada debe acreditarse con orixinais ou copias compulsadas.

BASE CUARTA.-

- Por resolución de alcaldía o Concello de Boqueixón procederá á publicación do anuncio de contratación na páxina Web do Concello de Boqueixón www.boqueixon.com, fixando como data de publicación o día 13 de outubro de 2015 Debendo presentar as instancias e documentación xustificativa dos méritos alegados dende o día 14 de outubro de 2015 ata o día 19 de outubro de 2015.

- Os candidatos disporán de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó de publicación na citada páxina, para a presentación de solicitudes no rexistro xeral sito na Casa do Concello de Boqueixón, en horario de 9 a 14 horas e os sábados de 10.00 a 13.00 horas.

As solicitudes que se fagan noutro Rexistro Xeral distinto do de Boqueixón, deberán remitir unha copia de dita solicitude ó fax 981 513 000 no prazo máximo do día 19 de outubro de 2015, ás 14:00 horas.

Para dúbidas os/as aspirantes poderán chamar ó 981513061

BASE QUINTA.-

Expirado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos. Coa indicación das causas de exclusión, outorgando o prazo de 3 días improrrogables seguintes ó da publicación de dita resolución para a presentación das alegacións. De non presentarse elevarase a definitivo a lista definitiva que se publicará na páxina Web do Concello e no taboleiro de anuncios.

BASE SEXTA: COMISIÓN SELECCIONADORA.

- A comisión seleccionadora estará composta por:

Presidente/a: Adela Lamela Arteaga, Suplente: María Victoria Negrín Blanco

Secretario/a: Elena Suárez Rodríguez. Suplente: Juan Corral Sánchez

Vogal 1: Ana María Sanín de la Torre, Suplente: Isabel Serto Fernández

Vogal 2: Casiano Veleiro Dieguez, Suplente: Gonzalo Torres Gil

Vogal 3: Pilar Pazos Santasmarinas, Suplente: Anselmo Caeiro Vilar

A comisión seleccionadora non poderá constituirse, nin actuar sen asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será preciso a asistencia do presidente /a e do secretario/a.

- A comisión reunirse para a valoración dos méritos achegados e a realización da proba práctica que se fixe (quedando o candidato/a de maior puntuación como titular e o resto coma suplentes) e propondrá o Sr. Alcalde a súa contratación.

As actuacións da comisión seleccionadora serán recurribles conforme o establecemento na Lei 30/1992 do Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.

O proceso de selección consiste en baremar os méritos achegados polos candidatos/as, unha proba escrita e realizar unha proba práctica relacionada coas funcións propias da praza.

BASE SETIMA.-

1.- FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS:

O baremo para a valoración de méritos é o seguinte (ata un máximo de 10 puntos):

A) Experiencia laboral (máximo 6 puntos):

a) Por desempeñar un posto de traballo con funcións de operario de limpeza, ou similares nunha Administración pública: 0,15 puntos por mes (acreditarse mediante informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguidade Social, informe ou certificación expedido pola administración correspondente e contrato de traballo).

b) Por desempeñar un posto de traballo con funcións de operario de limpeza ou similares en empresas do sector privado: 0,10 por mes (acreditarse mediante informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguidade Social, informe ou certificación expedida pola administración correspondente e contratos de traballo).

B) Formación (máximo 4 puntos):

- Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do Acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional (relacionado co posto). Puntuaráse ata un máximo de 3 puntos.

Por cursos de 20 a 59 horas: 0,5 puntos por curso.

Por cursos de 60 a 99 horas: 0,75 puntos por curso.

Por cursos de 100 ou máis horas: 1 punto por curso.

- Os cursos que se aporten de galego ou validación (a puntuación non poderá superar 1 punto): só se computará o de nivel máis alto:

Celga 4: 1 punto

Celga 3: 0,75 puntos

Celga 2: 0,50 puntos

Celga 1: 0,25 puntos

2. Os méritos que aleguen os interesados e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta acreditáranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.

3. Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

2.- FASE DE PROBAS:

Esta fase ten carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá na realización nun mesmo día de 2 exercicios, un teórico e outro práctico, e terá unha puntuación máxima de 30 puntos.

A) PROBA ESCRITA (máximo 10 puntos)

Realizarase unha proba escrita tipo test dirixida a determinar o coñecemento do entorno municipal: sobre os lugares e parroquias do concello; e o coñecemento do traballo a realizar.

Para superar esta proba escrita será necesario acadar polo menos 5 puntos.

Os interesados poderán recoller o temario, que figura no anexo I, previa solicitude no concello de Boqueixón.

B) PROBA PRÁCTICA (máximo 20 puntos)

1. A proba práctica consistirá na realización dun exercicio relacionado cos cometidos propios da praza de operario de limpeza. Para superar esta proba práctica será necesario acadar polo menos 10 puntos.

2. As funcións da praza serán:

- Tarefas propias:

- Limpeza de colexios e edificios municipais

- Pisos, azulexos, zócalos lavables, balcóns, terrazas, pantallas, soleiras, fiestras, persianas, mobles, alfombras, lámpadas, cadros, papeleiras, radiadores e elementos de calefacción ou aire acondicionado (non son tarefas limpar caldeiras, motores, unidades climatizadoras, dentro da sala de máquinas), barrido de pisos, etc.

- Tarefas auxiliares:

Abrir e pechar os edificios obxecto do seu traballo

Desconectar e conectar alarmas

3. Valorarase a formación, grao de coñecementos e habilidades amosadas no desenvolvemento da proba.

BASE OITAVA. PRAZOS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS

Lugar de celebración das probas: a baremación dos méritos e a proba escrita realizaránse nas dependencias municipais da Casa do Concello no lugar de Forte s/n. 15881 Boqueixón.

A proba práctica realizarase na Base de Protección Civil de Boqueixón, Lugar de Forte s/n, 15881 Boqueixón.

As datas e prazos para a realización das probas de selección publicaranse no momento de facer publica a lista definitiva de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios e na páx. web do concello.

BASE NOVENA.

Rematada a selección a Comisión seleccionadora publicará a lista provisional coa puntuación final acadada polos/as candidatos/as no taboleiro, así co nome do/a candidato/a titular do posto seleccionado/a coa súa puntuación, e o nome dos/as candidatos/as suplentes que terá vixencia mentres se manteñan as CIRCUNSTANCIAS QUE DERON LUGAR A ESTA CONVOCATORIA.

Abrirase un prazo para a presentación das alegacións ós resultados acadados que se indicará cando se publique o listado da puntuación final. De non presentarse eleverase a definitivo, a lista definitiva publicárase na páxina Web do Concello e no taboleiro de anuncios.

Nota: os empates producidos nas puntuacións obtidas por 2 ou máis candidatos/as na puntuación final dirimirase pola puntuación máis alta acadada no apartado de experiencia laboral, se segue existindo empate, a nota máis alta acadada na proba práctica e segue existindo empate, a nota máis alta acadada na proba escrita.

BASE DÉCIMA. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ó alcalde para que formule a contratación da persoa que obteña a mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

O/A candidato/a seleccionado/a presentarán copia do NIF, cartilla da Seguridade Social e Tarxeta de Demandante de Emprego.

A formalización do contrato realizarase conforme o previsto na lexislación vixente.

BASE UNDÉCIMA. A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección e en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

ANEXO I. TEMARIO

- Listado de parroquias e núcleos do Concello de Boqueixón.
- Tema “Limpeza”:
 1. Limpeza
 2. Funcións do peon de limpeza.
 3. ¿En que consiste limpar? Os axentes limpadores.
 4. Produtos para limpar e desinfectar.
 5. Materiais e ferramentas de limpeza.
 - 6 Glosario



Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

correo@boqueixon.es

C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

INSTANCIA

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF/DNI
TELÉFONO(E-MAIL):	ENDEREZO: RUA OU PRAZA E NÚMERO:		CÓDIGO POSTAL:
CONCELLO	PROVINCIA	NACIONALIDADE	

CONVOCATORIA

POSTO DE TRABALLO Operario/a de limpeza	SISTEMAS ACCESO: CONVOCATORIA PÚBLICA
DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA: COPIA DNI TARXETA DE DESEMPREGO DA OFICINA PÚBLICA DE EMPREGO CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE DECLARACIÓN XURADA DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS CARNÉ DE CONDUCIR CONTRATOS DE TRABALLO INFORME DE VIDA LABORAL	

En Boqueixón, ode.....2015 Sinatura	Selo da Entidade
--	------------------



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

correo@boqueixon.es

C.I.F.: P-1501200-H

ANEXO

Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección da contratación de 1 operario/a de limpeza.

Don/a.....

con DNI..... e domicilio en

nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo de 1 operario/a de limpeza.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas en non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.

Asemesmo, a efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes, DECLARA:

- Que non desempeña ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984,

- Que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

Boqueixón, o de de 2015

Sinatura:.....